# BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), Nº 2/2016 (MANDATO 2015-2019), DE CARÁCTER ORDINARIO, CELEBRADA O 26 DE FEBREIRO DE 2016.

Salceda de Caselas, 26 de febreiro de 2016

**ASISTENTES**

**Presidente**

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

**Concelleiros/as**

**Grupo municipal do Partido Popular**

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

**Grupo municipal de Movemento Salceda**

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

**Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PSdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PSdeG-PSOE)

**Secretario do Concello**
Carlos López Quintáns

**HORA DE INICIO:** 20:05

**HORA DE REMATE:** 23:05

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 20:05 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 69/2016 de 23 de febreiro de 2016 de conformidade co acordo plenario de 2 de xullo de 2015 polo que se resolveu a periodicidade das sesións plenarias ordinarias para o mandato 2015-2019; reúnense en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar , no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA:**

**Parte resolutiva da sesión**

**1.- Aprobación de actas de sesións anteriores (acta da sesión nº 1/2016, extraordinaria, celebrada o 26 de xaneiro de 2016).**

**2.- Ditame sobre declaración de obra de especial interese e utilidade municipal e bonificación do ICIO. Obra de "Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreiro, Entenza.**

**3.- Ditame sobre proposta para complementar as prestacións por incapacidades temporais do persoal do Concello.**

**4.-Ditame sobre proposta de aprobación de convenio entre Concello e SERGAS relativo á construción e funcionamento de Centro de Saúde.**

**5.- Ditame sobre proposta de adhesión do Concello de Salceda de Caselas ao Proxecto "A Cidade dos Nenos".**

**Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación**

**6.- Dación de conta dos Decretos de Alcaldía: dende o nº 499/2015 de 15 de decembro de 2015 ata o nº 68/2015 de 22 de febreiro de 2016.**

**7.- Dación de conta do Informe de Intervención nº EMP 14/2016 de 29 de xaneiro de 2016 sobre período medio de pago a provedores correspondente ao 4º trimestre de 2015.**

**8.- Dación de conta do Informe de Intervención nº EMP 15/2016 de 29 de xaneiro de 2016 sobre avaliación do Plan de Axuste, correspondente ao 4º trimestre de 2015.**

**9.- Dación de conta do Informe de Intervención nº EMP 16/2016 de 29 de xaneiro de 2016 sobre avaliacións das execucións trimestrais correspondente ao 4º trimestre de 2015.**

**10. Dación de conta do informe do Tesoureiro Municipal nº 3/2016 de data 28 de xaneiro de 2016 sobre a morosidade no 4º trimestre de 2015.**

**11.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**

**12.- Rogos e preguntas.**

## INICIO DA SESIÓN

### 1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (ACTA DA SESIÓN Nº 1/2016, EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O 26 DE XANEIRO DE 2016).

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) **o Señor Presidente pregunta** se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 1/2016 de 26 de xaneiro.

Non existindo observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 1/2016, de 26 de xaneiro e a mesma é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.**

### 2.- DITAME SOBRE DECLARACIÓN DE OBRA DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL E BONIFICACIÓN DO ICIO. OBRA DE "REFORMA DO PAVILLÓN DEPORTIVO" SITO EN BARREIRO, ENTENZA.

**O sr. Alcalde** dá lectura da seguinte proposta de acordo:

"*PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Vista a proposta formulada polo Concelleiro de Economía e Facenda do Concello de Salceda de Caselas, José Luis González Rodríguez, o día 18 de febreiro de 2016, que di textualmente:*

"*PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA*

*Vista a solicitude presentada pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Entenza de 04/12/15 (RE nº 7395), de outorgamento dunha bonificación do 50% no ICIO da obra "Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza, así como da exención da taxa de expedición de licenzas.*

*Visto que solicitan que sexa declarada de interese e utilidade municipal por circunstancias sociais ou culturais visto que trátase dun pavillón dunha comunida de montes veciñais en man común.*

*Visto o artigo 5º, apartado 1, da ordenanza fiscal nº 24 reguladora do Imposto sobre construcción instalación e obras, aprobada definitivamente por acordo do Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria e urxente de 26 de decembro de 2011, e modificada por acordo do Pleno de 31 de agosto de 2012 (BOP nº 211 de 2 de novembro de 2012):*

> *"Artigo 5.- Bonificacións.*
>
> *1.Establécese unha bonificación do 50 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá esta declaración ao Pleno da Corporación e acordarase coa solicitude previa do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros. "*
>
> *Visto o artigo 7 b) da Ordenanza Fiscal nº 17 reguladora da taxa por expedicición de licenzas urbanísticas e por prestación de servizos urbanísticos (BOP nº 221 de 16 de novembro de 2012) que establece que pode ser obxecto de bonificación esta taxa sempre que se trate de construcións ou obras que fagan os veciños que se declaren de interese social e público, non persigan lucro e se declaren expresamente polo Pleno a bonificación e tanto por cento a aplicar, coa limitación de que estarán amparadas por normas con rango de lei ou derivar da aplicación de tratados internacionais.*
>
> *Visto, porén, que segundo o artigo 9.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais "No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales.*
>
> *No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales en los supuestos expresamente previstos por la ley."*

*Visto que na normativa legal ou derivada da aplicación de tratados internacionais non se contemplan bonificacións para esta taxa derivadas da realización de obras de interese social.*

*Considerando todo o anterior, esta Concellería, previo informe da Intervención municipal, propón a Alcaldía:*

*1º) A declaración polo Pleno da Corporación, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, de especial interese e utilidade municipal da obra "Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza , por concurrir nela circunstancias sociais que xustifican tal declaración.*

*2º) A concesión polo Pleno da Corporación, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, dunha bonificación do 50% da cota do imposto, a favor da Comunidade de Montes veciñais en man común de Entenza, da obra de " Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza, por ser de especial interese e utilidade municipal, por concurrir nela circunstancias sociais que xustifican tal declaración.*

*3º) A devolución do 50% da cota do ICIO, esto é, 904,75 €, xa abonado polo suxeito pasivo en data 12/01/2016, dacordo coa liquidación feita pola Tesourería municipal, e aprobada pola Xunta de Goberno local na súa sesión de 16 de decembrode 2015.*

*4º) Indicar ao solicitante que tal declaración non afecta á taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por non estar previsto legalmente, sen prexuízo de que o órgano municipal competente para liquidar tal tributo resolva o que corresponda."*

*Visto o Informe de Intervención nº EMP 29/16, de 18 de febreiro de 2016, que conclúe: "En conclusión,* ***informáse FAVORABLEMENTE*** *a concesión da* ***bonificación do 50% na cota do ICIO*** *a favor da Comunidade de Montes veciñais en man común de Entenza pola obra de "Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza, por ser de especial interese e utilidade municipal, sempre que se cumplan todos os requisitos sinalados neste informe, s****en proceder a bonificación solicitada para a Taxa por expedición de licenzas e por prestcaión de servizos urbanísticos****, por non estar prevista na normativa legal (ou tratados internacionais) de aplicación."*

*Esta Alcaldía* ***PROPÓN*** *elevar ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

***Primeiro.*** *A declaración polo Pleno da Corporación, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, de especial interese e utilidade municipal da obra "Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza , por concurrir nela circunstancias sociais que xustifican tal declaración.*

***Segundo.*** *A concesión polo Pleno da Corporación, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, dunha bonificación do 50% da cota do imposto, a favor da Comunidade de Montes veciñais en man común de Entenza, da obra de " Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza, por ser de especial interese e utilidade municipal, por concurrir nela circunstancias sociais que xustifican tal declaración.*

***Terceiro.*** *A devolución do 50% da cota do ICIO, esto é, 904,75 €, xa abonado polo suxeito pasivo en data 12/01/2016, dacordo coa liquidación feita pola Tesourería municipal, e aprobada pola Xunta de Goberno local na súa sesión de 16 de decembrode 2015.*

***Cuarto.*** *Indicar ao solicitante que tal declaración non afecta á taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por non estar previsto legalmente, sen prexuízo de que o órgano municipal competente para liquidar tal tributo resolva o que corresponda.*

***Quinto:*** *Notificar este acordo aos interesados.*

***Sexto:*** *Dar traslado deste acordó á Intervención e a Tesourería municipais aos efectos oportunos."*

**O sr. Alcalde** explica que como é habitual cando hai obras promovidas por asociacións ou entidades de interese social o que fan é conceder a bonificación.

**O sr. Núñez Troncoso (concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular)** di que como xa fixeron en demais casos similares coma a estrutura do Pavillón, muro da Comunidade de Montes de Budiño, peche da Asociación Veciños Caselas... están a favor. Recorda que o seu grupo polo 2011 planteaba que se apicara o máximo que contempla a Lei de Facendas Locais como é o 95% o que implicaría que agora á Comunidade de Montes se lle devolverían 1.007 euros e só pagaría polo ICIO 85 euros. Di que no pleno de agosto volverán a levar a mesma moción para que se contemple e se recolla na ordenanza que se aplique o 95%.

**A sra. Tourón Domínguez (voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE)** di que votarán a favor, que o reflexa así a ordenanza e consideran que este tipo de obras teñen que estar bonificadas por ser de interese para os veciños e para todos.

**O sr. González Rodríguez (voceiro do Grupo Municipal de Movemento Salceda)** di que votarán a favor para que se proceda á devolución debido á bonificación, que é a contemplada pola ordenanza municipal, e que están no medio do abanico, nin teñen o máximo do 95% nin o mínimo que sería do cero %.

Con data de 23 de febreiro de 2016 a Comisión Informativa Especial de Contas e Permanente de Economía e Facenda, en sesión ordinaria nº 2/2016, **ditaminou FAVORABLEMENTE** por catro votos a favor dos sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Municipal de Movemento Salceda; e unha abstención da sra. concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a proposta de acordo referida.

**Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:**

**Primeiro.** A declaración polo Pleno da Corporación, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, de especial interese e utilidade municipal da obra "Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza , por concurrir nela circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

**Segundo**. A concesión polo Pleno da Corporación, por voto favorable da maioría simple dos seus membros, dunha bonificación do 50% da cota do imposto, a favor da Comunidade de Montes veciñais en man común de Entenza, da obra de " Reforma do Pavillón Deportivo" sito en Barreio nº 3, Entenza, por ser de especial interese e utilidade municipal, por concurrir nela circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

**Terceiro**. A devolución do 50% da cota do ICIO, esto é, 904,75 €, xa abonado polo suxeito pasivo en data 12/01/2016, dacordo coa liquidación feita pola Tesourería municipal, e aprobada pola Xunta de Goberno local na súa sesión de 16 de decembrode 2015.

**Cuarto**. Indicar ao solicitante que tal declaración non afecta á taxa por expedición de licenzas urbanísticas, por non estar previsto legalmente, sen prexuízo de que o órgano municipal competente para liquidar tal tributo resolva o que corresponda.

**Quinto:** Notificar este acordo aos interesados.

**Sexto:** Dar traslado deste acordó á Intervención e a Tesourería municipais aos efectos oportunos.

**3.- DITAME SOBRE PROPOSTA PARA COMPLEMENTAR AS PRESTACIÓNS POR INCAPACIDADES TEMPORAIS DO PERSOAL DO CONCELLO.**

**O sr. González Rodríguez (voceiro do Grupo Municipal de Movemento Salceda)** explica que os antecedentes son o Real Decreto Lei 2/2012 que encomenda a cada administración pública complementar dentro duns límites e posteriormente a Lei de Emprego de Galicia do 2015 aplica a mellora aos funcionarios.

Sinala que froito dunha mesa de negociación na que estaban presentes todos os delegados de persoal e sindicatos máis representativos, se chegaron a unha serie de acordos e se atenderon peticións dos traballadores; e baseándose no acordado na mesa proponse complementar no que se indica na proposta. Vai dando lectura á proposta de acordo. Di que se lle acorda dar retroactividade dende o 24 de maio de 2015 que foi cando entrou en vigor a Lei de Emprego de Galicia. Di que respecto das baixas que non sexan IT acórdase complementar o 100% ata un máximo de 4 ao ano. Sinala que estes acordos teñen informes favorables de Intervención e non deixan de ser melloras na acción social que poida exercer o Concello con respecto aos seus traballadores.

**O sr. Núñez Troncoso (concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular)** di que estes complementos favorecerán ao persoal laboral e eventual porque aos funcionarios xa o recolle a Lei de Emprego Público de Galicia de abril de 2015, si ben ao persoal laboral e eventual se lle podían aplicar estes complementos dende o 30 de xullo de 2012 porque o RD Lei 2/2012 xa contemplaba a posibilidade, cousa que no Concello non se quixo aplicar sen saber o motivo para non facelo, anque imaxinan que sería porque non lle afectaba aos concelleiros con salario e non se podían beneficiar. Di que votarán a favor.

**A sra. Tourón Domínguez (voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE)** di que votarán a favor e que despois das reiteradas peticións do persoal algo terá que ver que se aprobase a Lei de Emprego de Galicia. Di que é convinte que o persoal laboral e eventual teña as mesmas condicións que o persoal funcionario.

**O sr. Alcalde** dá lectura da seguinte proposta de acordo:

"*PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Considerando que o Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modifica o réxime retributivo do persoal incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal. Igualmente, encomenda a cada Administración Pública determinar, respecto do persoal ao seu servizo, os complementos retributivos que en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social corresponda nas situacións de incapacidade temporal de acordo cunha serie de límites máximos que veñen recollidos no artigo 9 do citado Real Decreto-lei.*

*Considerando o establecido no artigo 146.3 pola Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.*

*Vista a Orde HAP/2802/2012, do 28 de decembro, pola que se desenvolve para a Administración do Estado e os organismos e entidades de dereito público dependentes da mesma, o previsto na disposición adicional trixésima oitava da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, en materia de ausencias por enfermidade ou accidente que non dean lugar a incapacidade temporal.*

*Considerando os acordos acadados na reunión celebrada o 21 de xaneiro de 2016 pola Mesa Xeral de Negociación deste Concello (condicións que afectan ao persoal funcionario e laboral),*

***PROPOÑO:***

***PRIMEIRO.*** *O Concello de Salceda de Caselas complementará as prestacións por incapacidade temporal que correspondan ao persoal funcionario, laboral e eventual do Concello que manteña unha relación que se atope acollida ao réxime xeral da Seguridade Social, conforme ás seguintes regras:*

*a) Nos casos de continxencias profesionais e continxencias comúns que xeren hospitalización ou intervención cirúrxica, así como nos de enfermidade grave, aboarase un complemento ata alcanzar o cento por cento das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal.*

*b) Nos casos de enfermidade común non grave ou accidente non laboral, o complemento calcularase do modo seguinte:*

- *Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o cincuenta por cento das retribucións.*
- *Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o setenta e cinco por cento das retribucións.*
- *A partir do día vixésimoprimero aboarase un complemento ata alcanzar o cento por cento das retribucións.*

***SEGUNDO.** Os complementos das prestacións por incapacidade temporal sinaladas no punto anterior terán vixencia dende o 24 de maio de 2015, data de entrada en vigor da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.*

***TERCEIRO.** Respecto das baixas que non conleven incapacidade temporal, consideraranse xustificadas percibindo o 100% das retribucións que viñesen gozando, as ausencias ao traballo de ata catro días ao ano, desfrutando tres conxuntamente, sempre que estean motivadas en enfermidade ou accidente e non dean lugar a incapacidade temporal. O empregado público debe avisar desta situación ao responsable da súa unidade administrativa a primeira hora e deberá aportar xustificante médico.*

***CUARTO.** Dar publicidade a este acordo mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Corporación Municipal, no Taboleiro de circulares en materia de persoal, así como notificalo aos delegados de persoal do Concello."*

Con data de 23 de febreiro de 2016 a Comisión Informativa Especial de Contas e Permanente de Economía e Facenda, en sesión ordinaria nº 2/2016, **ditaminou FAVORABLEMENTE** por catro votos a favor dos sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Municipal de Movemento Salceda; e unha abstención da sra. concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a proposta de acordo referida.

**Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproba a proposta adoptando os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.** O Concello de Salceda de Caselas complementará as prestacións por incapacidade temporal que correspondan ao persoal funcionario, laboral e eventual do Concello que manteña unha relación que se atope acollida ao réxime xeral da Seguridade Social, conforme ás seguintes regras:

a) Nos casos de continxencias profesionais e continxencias comúns que xeren hospitalización ou intervención cirúrxica, así como nos de enfermidade grave, aboarase un complemento ata alcanzar o cento por cento das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal.

b) Nos casos de enfermidade común non grave ou accidente non laboral, o complemento calcularase do modo seguinte:

- Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o cincuenta por cento das retribucións.
- Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata alcanzar o setenta e cinco por cento das retribucións.
- A partir do día vixésimoprimero aboarase un complemento ata alcanzar o cento por cento das retribucións.

**SEGUNDO.** Os complementos das prestacións por incapacidade temporal sinaladas no punto anterior terán vixencia dende o 24 de maio de 2015, data de entrada en vigor da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

**TERCEIRO.** Respecto das baixas que non conleven incapacidade temporal, considerаranse xustificadas percibindo o 100% das retribucións que viñesen gozando, as ausencias ao traballo de ata catro días ao ano, desfrutando tres conxuntamente, sempre que estean motivadas en enfermidade ou accidente e non dean lugar a incapacidade temporal. O empregado público debe avisar desta situación ao responsable da súa unidade administrativa a primeira hora e deberá aportar xustificante médico.

**CUARTO.** Dar publicidade a este acordo mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Corporación Municipal, no Taboleiro de circulares en materia de persoal, así como notificalo aos delegados de persoal do Concello.

**4.-DITAME SOBRE PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO ENTRE CONCELLO E SERGAS RELATIVO Á CONSTRUCIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO DE SAÚDE.**

**O sr. Alcalde** dalle a palabra á sra. Castiñeira Alén.

**A sra. Castiñeira Alén (concelleira do Grupo Municipal de Movemento Salceda)** explica os pasos que se deron respecto da tramitación. Di que vai dar unha pequena cronoloxía para que se sitúen.

O 4 de decembro con rexistro de saída deste Concello remitiuse á Consellería de Sanidade á atención do Conselleiro un certificado do Secretario Municipal dos documentos e trámites realizados respecto do expediente de cesión gratuíta ao SERGAS do ben inmoble destinado a Centro de Saúde.

Di que despois, o 11 de decembro, despois da visita do Conselleiro á Salceda, recibiuse escrito da Consellería facéndose referencia a un escrito remitido dende o Concello o 1 de outubro. Di que no escrito se indicaba que o SERGAS dotaba crédito para iniciar a licitación do proxecto e construción do Centro de Saúde, indicando que era necesario levar a cabo polo Concello todos os trámites necesarios; e que a Xunta propuxo a sinatura dun convenio entre Xunta e Concello co fin de chegar a un acordo, polo que achegaron un modelo de convenio.

O 18 de xaneiro de 2016 remitiuse escrito de Alcaldía donde se facían consideracións sobre o escrito enviado pola Consellería para a cesión da parcela.

O 12 de febreiro recibiron escrito da Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS no que remitiu o novo convenio recollendo as modificacións e incorporando consideracións da Consellería.

O 16 de febreiro fíxose proposta de Alcaldía para aprobación polo pleno de Convenio de Cooperación. Di que o Convenio consta de tres páxinas que recollen dez cláusulas que fan referencia ás obrigas das partes así como á duración; contando co informe favorable de Secretaría.

Di que para ela e Movemento Salceda é un día histórico para os veciños e veciñas de Salceda e que o Conselleiro soubo estar á altura e comprender o problema que teñen os veciños de Salceda, desbloqueando a situación. Di que probablemente o PP teimará sobre a cesión dos terreos e sinala que o PP de Salceda non estivo á altura en ningún momento. Di que dende o PP remitiron estes días un comunicado á prensa no que dicían que aplaudían que por fin se levase a pleno a cesión definitiva dos terreos e o Convenio para a construción do Centro de Saúde. Explica que o ditame é a aprobación do Convenio; e que non é que o diga ela, que xa o dixo a sra. Pereira Iglesias o 12 de maio de 2011. Dá lectura da acta "*o proceso de cesión dos terreos culmina hoxe...*" Di que tamén o di o Convenio coa Consellería, que na cláusula segunda di que o Concello acordou o 12 de maio de 2011 a cesión (indica que dá lectura de parte desta cláusula).

Di que o propio Atlántico Diario tivo que desmentirse o xoves indicando que o que se aprobaría é o Convenio de Cooperación e non a cesión de terreos; e que Faro de Vigo contrastou a información e non entrou no xogo.

Repite que o que se trae é o Convenio e non a cesión; que o punto da orde do día o di claramente. Pídelle ao grupo municipal popular que defendan dunha vez por todas os intereses dos veciños de Salceda como fai o grupo de goberno.

**O sr. Rodríguez Davila (voceiro do Grupo Municipal Popular)** agradece a presenza do público. Pídelle ao sr. Alcalde e demais membros da Corporación respecto para a súa intervención e que non haxa interrupcións, que se producen cando por exemplo ao Alcalde non lle gusta o que escoita.

Di que lle fai un reto público ao sr. Alcalde, porque hai moitos veciños que non poideron asistir ao Pleno; reta ao sr. Alcalde a ter un debate público cun moderador donde acorden. Di que todos os veciños que así o consideren poderían contrastar con todos os documentos, respecto de toda a tramitación dende o inicio ata o día de hoxe. Di que a este pleno se trae un convenio mutuo de dúas administracións e no 2011 foi unha decisión dunha Corporación, aprobada por unanimidade, dunha cesión duns terreos que naquel momento o Concello ocupou de forma directa e os rexistrou como tales no Rexistro da Propiedade de Tui.

Di que a sra. Concelleira de Sanidade (Castiñeira Alén) comezou falando dende decembro 2015 e non dende 2011, que é a principal controversia, donde os documentos oficiais ratifican o que fixo unha administración e outra. Sinala que según ela no convenio recolléronse todas as consideracións que fixo o grupo de goberno, algo que non é certo, que existen cousas que pretendían sacar e non foron finalmente sacadas. Que é de mutuo acordo.

Repróchalle á sra. Castiñeira Alén que fale dunha persoa que non se pode defender e que non sepa interpretar o que dixo a compañeira con toda boa fe, anque non lea toda a acta do Pleno. Di que o que se acordou no 2011 respecto agora con respecto ás obrigas do Concello e da Xunta é o mesmo ou incluso por parte do Concello máis compromiso. Di que logo compararán. Di que é incrible que fagan mención á orde do día do Pleno para xustificar que non vén a cesión dos terreos a este Pleno. Pídelle á sra. Castiñeira Alén que non o interrompa.

Di que na orde do día tentan enganar aos veciños respecto do que van acordar hoxe. Pregunta quen pon a orde do día. Di que a orde do día a decide o sr. Alcalde e o Secretario a transcribe e a notifica.

Dille ao sr. Alcalde que estes documentos son un dosier de información que lle deu o sr. Alcalde ás diferentes asociacións, colectivos, plataformas, etc. e o vai utilizar porque eles mesmos se desminten.

Continúa sinalando respecto da acta de pleno de 12 de maio de 2011, que tamén hai que dicir que as actas de pleno as redacta o sr. Secretario Municipal e logo a aprobación faina o Pleno, logo hai palabras concretas que se deixan de recoller. Di que dá lectura da intervención da sra. concelleira Pereira Iglesias a cal dixo "que entende" que é agora cando a Xunta debía recepcionar os terreos. Di que o entendía o Grupo Municipal Popular. Di que tan só tres concelleiros dos que conforman agora o Pleno votaron a favor dese acordo, que xa non están os mesmos. Sinala que nesa mesma acta de pleno poden ler os acordos que tomaron por entón e que o Alcalde poder ler o convenio que hoxe aprobarán, e comprobarán que é o mesmo. Vai dando lectura aos acordos que entonces se tomaron: Punto A) exactamente o mesmo porque é o compromiso de recepcionar e comprometerse á construción no terreo obxecto da cesión, terreo que implicitamente hoxe se volve a ceder... destinando a mesma parcela ao seu fin, afectación simultánea-desafectación tal como se indica hoxe...punto B) no que respecta á asunción de gastos... punto C) promover a inscrición rexistral... punto D)...gastos que se asumen... tamén esta cláusula exactamente igual. Di que hoxe se volverá a ceder os terreos porque a cesión na súa ampla definición e cando as dúas partes cumpren, un ten a vontade de ceder e outra parte a de recepcionar. Igual que nunha compraventa. Pódese vender algo pero si a outra parte non cha acepta non se remata o trámite definitivo.

Di que no argumento que entregou o grupo de goberno ás asociacións dixeron que o 27 de maio a Consellería solicitou certificado de Secretaría e llo entregaron. Di que ese certificado non foi entregado nese dosier nin lles consta que exista. Di que ese certificado non existe porque fai referencia aos artigos 109 e 110 da lei de bens das entidades locais. Di que o 30 de xuño fíxose alteración da descrición catastral, que si van a ese documento entrou o informe do rexistro catastral, e si miran como está rexistrada e cal é o uso principal desa parcela é o agrario. Di que o 15 de xullo o grupo de goberno dicía que recibiron notificación de presidencia de aceptación dos terreos e realmente, si van a ese documento, o que se di é que se dan por enterados da tramitación do citado expediente; pregunta donde di que recepciona os terreos; que darse por enteredos da tramitación non significa que o expediente esté rematado.

Di que lle podería ler tamén a nota de prensa que entregaron respecto do que dicía el no ano 2013 no que claro que faltaba documentación, e no 2014 e no 2015. No ano dezaseis entrogouse documentación para achegar ao expediente que está na Xunta. As notificacións aos propietarios dos terreos fixéronse o 30 de xaneiro do ano 2014 e para comunicarlles a aprobación inicial da modificación PERI. Decreto de Alcaldía de agosto de 2014 no que o sr. Alcalde di que por acordo do Pleno tras a sesión celebrada en abril de 2014, e en canto á mesma inclúe o polígono 1 que é donde está a parcela. Di que en documento oficial do Concello está a relación de todos os propietarios do polígono un.

Indica que o Alcalde está dicindo que está pendente de aceptación, e sen embargo por outro lado dixo por activa e por pasiva que o documento do director xeral lle dixo que aceptaba os terreos no 2011. Que se contradí.

Di que ata agora non se podían recepcionar porque faltaba o documento de reparcelación que os convertía en solar. Di que o mesmo documento do 1 de agosto do ano 2014 sinala a execución de actuacións polo sistema de cooperación, donde a administración executa as obras a costa dos propietarios dos terreos. Dá lectura do que di... os propietarios aportan os solos de cesión obrigatoria e o Concello executa as obras de urbanización (viais, aceras) a cargo dos propietarios, entre eles o Concello. Resulta que están ordenando un ámbito para repartir cargas e beneficios e sen embargo din que dende o 2011 se podía construír nesa parcela.

Di que segue lendo, segundo o disposto na LOUGA esíxese a aprobación do proxecto de reparcelación como instrumento de equidistribución. Di que non se pode construír porque non ten construídos os viais, as tuberías, etc.

Di que o 12 de decembro de 2014 se pediu impacto ambiental simplificado sobre ese ámbito e se pide o informe porque sen ese informe non se pode construír. Que despois se fixeron notificacións aos propietarios, publicación no BOP 16 de xaneiro do 2015 da reparcelación e equidistribución, publicación no DOG de impacto ambiental do polígono un para que dean o OK para poder urbanizar.

Di que dende entón, o 11 de decembro de 2015 chega o documento que dixo a sra. Concelleira e que o Alcalde lle remite o 28 de xaneiro unha serie de propostas para que figuren no Convenio. Unhas foron recollidas e outras seguen tal como se enviou no Convenio inicial. No escrito de 11 de decembro a Consellería lle volveu a dicir que non se podía recepcionar a parcela mentres non exista o instrumento de equidistribución, e se di que se debería realizar un novo acordo de cesión donde non exista impedimento legal. Non figura no expediente o certificado do cumprimento dos artigos 109 e 110 do regulamento de bens das entidades locais. Di que o artigo 110 recolle o que se necesita para a cesión, cumprindo maioría absoluta do Pleno. Di que esa cesión como dixo a Xunta hai que facela de novo a través do Convenio. Di que o uso agrario hai que cambialo para uso sanitario en catastro.

Sinala que a sra. Concelleira leu o que lle interesa porque na comunicación da Consellería tamén se di que deben figurar todos aqueles aspectos para realizar a cesión. Di que dá lectura do mesmo e indica que se xuntou á comunicación un modelo de convenio pero na comunicación falan de realizar a cesión.

Di que a última notificación que lle consta é do 12 de febreiro do 2016, fai 14 días. A directora xeral de recursos económicos contéstalle a carta do Alcalde donde se di o que lle acepta ao sr. Alcalde do Convenio que el propón modificar e o que non. No escrito lémbraselle a necesidade de aportar o certificado do cumprimento dos aspectos referenciados nos artigos 109 e 110 do RBEL. Di que no artigo 110 un documento moi importante é o do apartado e) polo que se necesita informe técnico donde se acredite que os bens non estén comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación. No ano 2011 non había equidistribución nin instrumento de reparcelación, no ano 2014 iniciouse un procedemento de modificación do PERI e eses terreos estaban inmersos nun plan de ordenación, reforma ou adaptación; reforma dun plan urbanístico dun PERI. Di que falta o certificado donde se certifique que dito ben non está comprendido.

**O sr. Alcalde** di que ese trámite xa se fixo no 2011.

**O sr. Rodríguez Davila** di que é peor facelo e non o enviar. Que claro que hai que facelo. Dille que poden ler os acordos do ano 2011 e os que se traen agora a Pleno. Di que o sr. Secretario no informe sinala, según el, que non lle consta que se fixera ningún cambio da parcela en concreto tanto no inventario de bens coma no rexistro da propiedade; pero tamén di que "sen obviar" que se aprobou a reparcelación; o que está dicindo o Secretario é que se produciu a modificación e a reparcelación urbanística. Sinala que elo ten que ver con poder construír na parcela porque ata entón non había reparcelación.

**O sr. Alcalde** pregúntalle quen di iso.

**O sr. Rodríguez Davila** di que o din todos os técnicos que falaron con el, que lle pregunte a calquera. Dille á sra. Castiñeira Alén que lé o que lle interesa, e que el vai ler todo. Di que na cláusula segunda leu xusto ata un pouquiño antes do final, porque tamén se está dicindo que cando se dén todas as condicións no rexistro da propiedade o SERGAS aceptará. Indica que o sr. Alcalde o 28 de xaneiro tamén mandou documentos como a reparcelación para que poidesen aceptar. Di que o informe do asesor xurídico tamén di que esa parcela se converte en solar cando se aprobe o documento de urbanización. Pregúntalle ao Alcalde si quere que llo lea.

**O sr. Alcalde** dille que o lea todo.

**O sr. Rodríguez Davila** di que dá lectura: "único requisito de que na mesma sesión na que se acorde a concesión da licenza tamén se aprobe o proxecto de obras ordinarias de urbanización".

**O sr. Alcalde** dille que o SERGAS a día de hoxe non pediu licenza.

**O sr. Rodríguez Davila** dille que non a podía pedir porque aínda aprobou agora o proxecto de reparcelación. Di que segue lendo o convenio... cláusula 4ª, que o Concello deberá facilitar o proxecto de urbanización... e aínda non está entregado. Segue: os compromisos da Xunta de Galicia son os mesmos que no ano 2011: construción do Centro de Saúde no terreo obxecto de cesión, igual que no 2011. O SERGAS debe asumir os gastos e tamén a inscrición rexistral.

Di que o que van a facer é aprobar os compromisos do Concello de Salceda de Caselas ao igual que no 2011 e os compromisos da Xunta de Galicia respecto da parcela obxecto da cesión, de novo, porque dende o ano 2011 ata o día de hoxe houbo que facer toda esa tramitación administrativa que tentou explicar: facer o polígono en dous, equidistribución polígono 1, proxecto de urbanización, licitación da urbanización.

Pregunta quen vai facer a urbanización, que empresa; que é pena que non fixeran no ano 2012 esa licitación da urbanización porque sabían que sen a equidistribución era imposible.

Dende o ano 2011 ata o 2015 só se fixo a reparcelación, o proxecto de urbanización e se emitiu o impacto ambiental simplificado. Pregúntalle ao sr. Alcalde que ía a construír sen ter esta documentación e requisitos, que non existía nin impacto ambiental. Pregúntalle si lle está dicindo que se podía obrar sen ter o impacto ambiental. Di que falta aínda a licitación da urbanización e que aínda queda tramitación urbanística ao respecto.

Di que a culpa sempre é dos demais pero o máximo responsable é o sr. Alcalde. Dille que nestes anos si en vez de utilizar os veciños e asociacións para o seu ben propio se centrase en axilizar todos estes trámites administrativos ben lles iría a todos.

Felicita a todos os que con boa fe se implicaron nesto. Pídelle á sra. Castiñeira Alén a coherencia, que serían máis honestos e xustos si nun principio recoñeceran que as dificultades son complexas nun procedemento coma este, felicita a todos e cada un dos concelleiros que de boa fe traballaron para chegar a donde están.

Sinala que no ano 2007 o sr. Alcalde prometeu que tería os terreos en 6 meses. Di que poden criticar porque os documentos avalan o que acaban de dicir, que non foron capaces de axilizar e conseguir todos os trámites administrativos. Agradece aos propietarios que tampouco fixeron ningunha alegación, e faino extensible a todas as asociacións e colectivos que de boa fe tentaron presionar para que se puxesen a traballar, que é triste que ás veces llo teñan que esixir, di que se bota a *mea culpa* en non implicarse máis. Di que non pode felicitar ao Alcalde respecto disto porque é o máximo responsable.

Pídelle aos presentes que simplemente lle pregunten aos seus coñecidos ou arquitectos que se adican á ordenación do territorio si é posible construír sobre unha parcela que esté dentro dun ámbito dun PERI, que hai que ordenar, e si é posible construír sen o impacto ambiental dese ámbito. A contestación será que non é posible construír sobre esas parcelas.

Di que votarán a favor porque teñen PERI, equidistribución, reparcelación, proxecto de urbanización e agora a administración autonómica e municipal se comprometen unha vez que están todos os trámites a aceptar a parcela, solicitar a licenza, concesión da licenza, urbanización por parte do Concello, etc.

**A sra. Tourón Domínguez (voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE)** di que non sabe si é deixadez, falta de vontade ou simplemente que é moi difícil desenvolver o tema que teñen entre mans. Di que non entrará no xogo de que un di que non e outro que si, ou ao revés. Di que todos teñen dereito a dar a súa opinión e dar contestación ao que ven por exemplo na prensa.

Di que o que levan visto nos últimos días non é de recibo para os veciños nin para eles mesmos, que xa está ben de panfletos, quen di que minte máis... o que queren os veciños é que se poñan a traballar todos e que teñan un centro de saúde. Que seguirán insistinto tanto dende o goberno local como ante a Xunta; e que a única realidade é que oito anos despois están sen Centro de Saúde.

Di que se falou de que é un día histórico pero o único día histórico será aquel en que se poida desfrutar do Centro de Saúde. Que se poñan todos a traballar e quitar esto para adiante. Di que lle parece un xogo triste para ver quen logra impoñer a súa verdade. Que o partido socialista non entrará nisto.

**A sra. Castiñeira Alén** di que para eles si que é un paso histórico, e o camiño faise andando. Dalle grazas ao sr. Rodríguez Davila pola *master class* en enredar. Dille que non leu o Convenio nin leu o informe do Secretario. Que están no 2016, que todo o mundo o entende menos o sr. Rodríguez Davila. Pregúntalle que asociacións se manipularon, que o diga.

Di que respecta moito a Emma e a considera intelixente e sabe o que dixo e consta en acta, pídelle que non faga demagoxia.

Di que hai que saber estar á altura das circunstancias, que lle parece lamentable que traten de confundir con "estes panfletos" un mércores á desesperada. Di que enganan aos veciños de Salceda, que a oposición teñen que facerlla ao grupo de goberno e non aos veciños, e en procesos vitais hai que arrimar o ombro. Pregúntalle ao sr. Rodríguez Davila cantas veces o arrimou neste proceso para axudar en vez de atrancar. Di que é un proxecto dos veciños de Salceda, non de Movemento Salceda e que espera o apoio de todos os grupos.

**A sra. Tourón Domínguez** di que por suposto que votarán a favor e tamén se pode chamar un día de ledicia, pero reitera que o do día histórico lle parece a día de hoxe fóra de lugar. Que se trata de botar a man entre todos.

**O sr. Rodríguez Davila** di que a mensaxe da sra. Tourón é fácil na súa posición agora, anque saben quen estivo gobernando estes anos; pero que saben que as concelleiras do PSOE non tiveron nada que ver, que sabe separar.

Di que falou do *mea culpa* pero é ao goberno municipal e a Movemento Salceda a quen lle corresponde a iniciativa porque dixeron que o PP tiña que ir á Xunta. Pregúntalle á sra. Castiñeira Alén cantas veces o Alcalde o convocou para o tema de acompañalo á Xunta para acudir a algunha reunión, ou convocou a outros compañeiros; ou convocou a Marina que era compañeira de goberno a acompañala á Xunta de Galicia. Nunca. A obrigación coma Alcalde é a de ir apretar a outras administracións. Di que cando as cousas van ben el é o artífice de todo e si van mal, os demais.

Respecto de Emma di que claro que é intelixente e educada; dille que Emma non escribiu na acta, que a acta a recolle o sr. Secretario. Que mal van por esa vía. Dille ao Alcalde que lea a proposta do Convenio que el lle replica co do 2011, que non hai ningún problema.

**O sr. Alcalde** di que vai ler a proposta de Alcaldía e o Convenio que ao final é o que hoxe veñen a aprobar e que basicamente recolle os acordos do Pleno de 12 de maio de 2011.

Di que veu o novo conselleiro a desbloquear o que tiña bloqueado a Xunta e que estiveron esperando dende o 2011 para aprobar o que hoxe pretenden. Di que o voceiro do PP estivo mareando a perdiz. Que as felicitacións agradéceas de verdade dos veciños que é a quen se debe. Di que lé o convenio porque ademais aclara toda a sarta de mentiras que se verteron durante estes anos para salvar e servir de coartada da actitude da Xunta. Di que nunca dixo que os terreos estiveran recepcionados porque non se enviou o convenio, por exemplo.

Explica que iniciarán o proceso de urbanización que será simultánea e non como dicía o PP que mentras non se urbanizase non se aceptarían os terreos. Di que a Xunta terá que dotar partida orzamentaria e que vai crer na palabra do Conselleiro, que ata agora cumpriu coa súa palabra. Que espera que esa partida se deslinde a través dunha modificación dos orzamentos da Xunta. Que tamén a Xunta terá que licitar o contrato e financiación da obra do Centro de Saúde. Di que o convenio xa o puido enviar durante cinco anos e si faltaba documentación indicalo, e sen embargo non o fixo.

Di que o Concello de Salceda non ten competencia sanitaria e que por iso hai que asinar un convenio de colaboración. Que no 2011 se cedeu un terreo gratuitamente cunhas condicións, regalóuselle un terreo e terán que aceptalo porque Salceda non ten competencias e por iso é necesario asinar un convenio. Di que é unha parcela valorada según a sentenza de xustiprezo do Raíña Aragonta, si fixeran caso dela para fixar o prezo, en 600.000 euros. E son as mesmas condicións, que son as cláusulas que se aprobaron en Pleno de 2011 e que impuxo a Secretaría Municipal por aquel entonces porque si se lle regalaba un terreo sería cunhas condicións; indicando a intervención municipal que non se podía urbanizar mentres non se aceptasen e recepcionasen os terreos, que non tiñan garantías de a quen lle regalasen o terreo, llo recepcionase. Que non podían gastar os cartos de todos e todas.

Pasa a ler o Convenio. Vai comentando as cláusulas. Di que non teñen competencias pero en virtude do principio de colaboración poden asinar un convenio nese terreo que ceden para que se execute un Centro de Saúde. Terreo de plena propiedade, así o certifica o Rexistro da Propiedade de Tui.

Segue lendo o Convenio. Na cláusula 1ª indica que este é o punto que vén na orde do día, que non é a cesión do terreo. Trátase de establecer a colaboración dun terreo cedido no 2011. Di que na cláusula 2ª se indica cando se cedeu. Di que a parcela quedou blindada coa ocupación directa, está inventariada e inscrita no Rexistro da Propiedade de Tui (segue lendo). Di que isto se aprobou no pleno de 12 de maio de 2011.

Na cláusula 3ª di os compromisos que adquire o Concello de Salceda de Caselas. "no seu caso" mediante a dotación orzamentaria correspondente, si a Xunta recepciona os terreos terán que licitar as obras.

Di que todos os servizos están na rúa Mártires de Sobredo a pé de parcela porque no diseño do PERI puxeron a parcela no que hoxe é o remate da Rúa Mártires de Sobredo. Di que na propia cláusula se di que as infraestruturas se poderán realizar de forma simultánea ás obras de construción do Centro de Saúde. Di que eso é moi evidente, que non entende que o PP dixera que mentres non se urbanizara non se podía facer. Cando se fai a casa, primeiro se fai a casa, despois xardín e despois peche. Di que o recoñece a propia Xunta neste Convenio. Teñen que estar finalizadas e dispoñibles en canto remate a construción do Centro de Saúde, que é lóxico, pero ata ese momento existe tempo para aprobar o proxecto de urbanización. Di que tamén no 2011 podían aprobar un proxecto de obras ordinarias para urbanizar, que eso tamén o di o informe xurídico de 2011 e tamén avalado polo informe técnico do arquitecto.

Na cláusula 4ª di que boa parte da documentación xa a ten a Xunta. Incluso antes do ano 2011, cando o xerente de entón visitou os terreos en decembro de 2010, coa ocupación directa. Di que o rexistrador non rexistra si a parcela non é dun.

Na cláusula 5ª di que está na Lei os que están exentos e tamén se lle dixo ao SERGAS que mentres non haxa edificio non bota a andar a exención.

Na cláusula 6ª di que están as obrigas que se trasladaron no Pleno de 12 de maio de 2011 e que se trasladan directamente ao Convenio. Di que si se lle traslada un terreo á Xunta para uso sanitario e o destinara a outro uso, quedaría sen efecto a cesión do ano 2011 e o terreo volvería a ser municipal. Segue lendo o convenio. Di que si lle regalan un terreo sen ter competencias o lóxico e que a inscrición rexistral e todos os gastos sean conta da Xunta.

Na cláusula 7ª comisión de seguemento.

Na cláusula 8ª a duración, moi importante, vixencia de tres anos podendo prorrogarse ata a consecución do seu obxectivo. Si se cumpre, a principios de 2019 debería estar construído e en uso. Di que tentarán entre todos facer o posible para que incluso poida ser antes.

Nas cláusulas 9ª e 10ª: cláusulas típicas de calquera convenio.

Di que despois de ler o convenio é froito do acordo previo de Xunta e Concello, calquera dúbida que poida estar en cuestión está suficientemente aclarada.

**O sr. Rodríguez Davila** pregúntalle ao sr. Alcalde si o que van a votar é a metade do convenio. Porque o que entende el é que votarán o acordo de todos os puntos que leu o Alcalde. Porque negar os puntos A) B) e C) dos compromisos da Xunta implica que só votarán a metade do Convenio. Di que o sr. Alcalde dixo que iso foi no 2011, entón para que o traen agora a Pleno.

Polo **sr. Alcalde** sométese a aprobación a seguinte proposta de acordo:

"*PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia (DOG núm. 143 de 24 de xullo de 2008) indica no seu artigo 80.3 i) que os concellos, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán en relación co obrigado cumprimento das normas e dos plans sanitarios as seguintes obrigas derivadas das súas competencias: a colaboración, nos termos nos que se acorde en cada caso, na construción, na reforma e/ou no equipamento de centros e servizos sanitarios.*

*Considerando a necesidade de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario construir un novo Centro de Saúde no Concello de Salceda de Caselas.*

*En data 11 de decembro de 2015 tivo entrada no Rexistro do Concello escrito remitido polo Presidente do Servizo Galego de Saúde, achegando un modelo de Convenio para poñer os puntos en común entre o SERGAS e o Concello de Salceda de Caselas e tentar chegar a un acordo de cara os compromisos a asumir por cada unha das partes e facer efectiva a construción e funcionamento dun novo Centro de Saúde.*

*Tras revisar o Convenio, o Concello de Salceda de Caselas propuxo algunhas modificacións no mesmo que foron contestadas por escrito de 5 de febreiro de 2016 pola Directora de Recursos Económicos do SERGAS (escrito con rexistro de entrada o 12 de febreiro de 2016), achegando unha nova proposta de convenio que recolle algunhas observacións do Concello e outras observacións do SERGAS.*

*Estando conformes co Convenio proposto polo SERGAS (con rexistro de entrada o 12/02/2016 nº 948), e conscientes da imperiosa necesidade de levar adiante o proxecto das citadas obras de construción do Centro de Saúde, previo informe do Secretario Municipal e previa fiscalización pola Intervención Municipal*

***PROPOÑO:***

*A aprobación polo Pleno da Corporación Municipal do Convenio que se acompaña con esta proposta.*

***CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE.***

*En_____a_____*

***REUNIDOS:***

*Dunha parte, o sr. _____actuando en representación do Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Presidente e no exercicio das facutlades que lle veñcen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; e nos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.*

*Doutra parte o sr. Marcos David Besada Pérez, actuando en nome e representación do Concello de Salceda de Caselas, en virtude da súa condición de Alcalde da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polos que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*As partes intervintes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,*

***EXPOÑEN:***

*I. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia (DOG núm. 143 de 24 de xullo de 2008) indica no seu artigo 80.3 i) que os concellos, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán en relación co obrigado cumprimento das normas e dos plans sanitarios as seguintes obrigas derivadas das súas competencias: a colaboración, nos termos nos que se acorde en cada caso, na construción, na reforma e/ou no equipamento de centros e servizos sanitarios.*

*II. Que a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario construir un novo Centro de Saúde no Concello de Salceda de Caselas.*

*III. Conscientes de dita necesidade as partes intervintes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de construción no Concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita cooperación.*

*Por todo isto formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes*

***CLÁUSULAS:***

***Primeira.*** *O obxecto do presente Convenio é establecer a colaboración entre o Concello de Salceda de Caselas e o Servizo Galego de Saúde para a construción dun novo Centro de Saúde no Concello.*

***Segunda.*** *O Concello de Salceda de Caselas acordou en sesión plenaria celebrada o 12 de maio de 2011 a cesión gratuita ao Servizo Galego de Saúde da parcela destinada á construción dun novo centro de saúde. A parcela trátase dun ben inmoble con referencia catastral 36049A0 32060050000KY, destinado polo planeamento á construción dun novo centro de saúde, e descrito na ficha "Finca denominada "Equipamento A Centro de Saúde", segundo o inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra). A finca atópase inscrita no Rexistro da Propiedade de Tui co nº 21369 Tomo 1227, Libro 125, Folio 119; Provincia PO, Registro Tui, Ayuntamiento /sección Salceda; con carácter patrimonial (transitorio) co obxecto de cedela ao Servizo Galego de Saúde.*

***Terceira.*** *O Concello de Salceda de Caselas comprométese a asumir os gastos derivados de facer chegar as infraestruturas existentes ó Centro de Saúde que se constrúa no futuro, no seu caso mediante a dotación orzamentaria correspondente. Tales gastos serán os necesarios para a construción dos accesos rodados e peonís en condicións e características suficientes para a efectividade dun centro de saúde, e para as conexións aos sistemas de abastecemento, saneamento, subministro eléctrico, alumeado, telefonía, aparcamento, etc., en condicións e características suficientes para a efectividade dun centro de saúde. Estas infraestruturas poderán realizarse de forma simultánea ás obras de construción do Centro de Saúde, estando en todo caso finalizadas e dispoñibles en canto remate a construción do centro en cuestión.*

***Cuarta.*** *O Concello de Salceda de Caselas deberá facilitarlle ao Servizo Galego de Saúde toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización) incluídas as licenzas e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios, de conformidade coa normativa vixente e sen custo algún.*

***Quinta.*** *O Concello de Salceda de Caselas comprométese a regular na ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles a exención a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; así como calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado, sempre que a exención destas taxas e prezos públicos esté permitida pola normativa vixente.*

***Sexta.*** *O Servizo Galego de Saúde (Xunta de Galicia) asume as seguintes obrigas e condicións:*

*a) A construción dun centro de saúde no terreo obxecto de cesión, aceptando o mesmo, e destinando o mesmo a tal fin (con afectación ao seu dominio público inmediata) de xeito que quedaría sen efecto a cesión nos supostos de desafectación, alteración ou adscrición a outro uso ou servizo distinto. Esta obriga conleva a elaboración, e de ser o caso, a supervisión e aprobación do proxecto técnico, así como contratar, dirixir e executar as obras de construción con cargo aos seus orzamentos.*

*b) O Servizo Galego de Saúde (Xunta de Galicia) deberá asumir os gastos en bens correntes e servizos do terreo cedido, como son os gastos derivados de reparacións, mantemento e conservación, material, subministracións, comunicacións, transportes, primas de seguros, tributos, traballos realizados por outras empresas, e outros de semellante natureza.*

*c) O Servizo Galego de Saúde (Xunta de Galicia) promoverá a inscrición rexistral dos efectos da cesión da titularidade do terreo de referencia, asumindo os gastos de formalización en escritura pública e demais que sexan necesarios para a práctica da mesma.*

***Sétima.*** *Constituirase unha comisión de seguemento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.*

*A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables, e en todo caso, un dos representantes do Concello será o sr. Alcalde, podendo delegar dita representación. A comisión reunirase por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos dous representantes de cada entidade.*

***Oitava.*** *O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de tres anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo.*

***Novena.*** *O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento dará lugar á resolución do mesmo e no seu caso á indemnización dos danos e perdas causados.*

***Décima.*** *Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.*

*E en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados aó inicio.*

*POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE* *POLO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS"*

O 23 de febreiro de 2016 a Comisión Informativa Permanente de Servizos Sociais, Sanidade, Cultura, Deporte, Mocidade e Ensino, Comercio, Formación e Emprego; en sesión ordinaria nº 1/2016, **ditaminou FAVORABLEMENTE** por catro votos a favor dos sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e do Grupo Municipal do Partido Popular e unha abstención da sra. concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, a proposta de acordo referida.

**Sometida polo Señor Alcalde a súa proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproba a proposta antes referida.**

## 5.- DITAME SOBRE PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS AO PROXECTO "A CIDADE DOS NENOS".

**O sr. Alcalde** dalle a palabra á sra. Pérez González.

**A sra. Pérez González (concelleira pertencente ao Grupo Municipal de Movemento Salceda)** explica que é un proxecto que botou a andar en 1991 en Italia e o que se propón é un modelo de cidade ou de pobo no que os nenos e nenas cobren un protagonismo especial, non se trata de facer máis actividades para os nenos; trátase de consideralos coma cidadáns de primeira, que teñan peso ao valorar o construído e que tamén ten que ser para os nenos. Di que hai moitas cidades que se uniron, sendo en Galicia a cidade de Pontevedra o referente, urbanismo pensado para o ocio e para o peón.

Sinala que Salceda dende as súas humildes posibilidades está a seguir ese patrón e por iso pensan que encaixan. Di que é un proxecto que lle chegou pola ANPA do Colexio de Altamira e agora ademais por parte da Deputación de Pontevedra. Di que agora é un momento idóneo para poder acollerse. Que o que están facendo é aprobar unha declaración de intencións de que cada unha das áreas que ten o Concello, o que se faga sexa urbanismo, medio ambiente ou outras, se faga pensando nos nenos, como por exemplo a redución da velocidade dos vehículos no casco urbano, reorientación das funcións da policía local que están moi orientados aos vehículos e orientalos máis a xente.

Di que é un proxecto aberto en que cada concello pon as súas ideas en práctica, iniciativas como camiño escolar seguro para que os nenos poidan ir sós ao colexio e conleve un recorrido cos comerciantes implicados ou coa ANPA implicada. Indica que lles gustaría chegar ao recoñecemento de UNICEF como cidade amiga da infancia. Di que a convocatoria sae cada dous anos, que non concorrerán a esta pero sería interesante comezar a traballar. Conclúe sinalando que é un procedemento interesante para Salceda que encaixa perfectamente co que se leva feito e máis coa cantidade de nenos e nenas que teñen no Concello.

**A sra. González Rodríguez (concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular)** di que lle parece un proxecto moi interesante, para calquer cidadán e non só para os nenos, no que será preciso o amplo apoio necesario para facelo e nesa liña teñen que traballar para conseguilo. Di que terán que ver ben de que maneira e darlle voltas dende todos os ámbitos para que sexa factible.

**A sra. Tourón Domínguez (voceira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE)** di que o seu grupo considera que é unha boa medida e espera que non quede só nunha mera declaración de intencións. Di que espera que sirva de verdade para que os camiños escolares sexan seguros, e que dende o goberno municipal se tomen medidas, por exemplo no camiño de Maceira para ir ao Colexio no que diariamente camiñan os polas beiras sen espazo os nenos. Di que espera que todos traballen xuntos, e que pola súa parte trasladará aos compañeiros da Deputación que tenten colaborar e se faga moito máis dunha mera declaración de intencións para facer a foto.

**O sr. González Rodríguez** di que lles parece unha boa iniciativa, que é unha oportunidade. Pon coma exemplo o caso de Pontevedra e di que do que se trata é de coller experiencias destes casos e tratar de trasladalas ao Concello. Di que ven ano a ano que a infancia está menos socializada e polo que apostan é porque poidan volver a desfrutar de oportunidades para facelo, implicando a todos os colectivos. Di que votarán a favor.

**O sr. Alcalde** dá lectura da seguinte proposta de acordo que se somete a votación:

*"PROPOSTA:*

*O proxecto "A cidade dos nenos" nace en Fano (Italia), en maio do 1991 da man de Francesco Tonucci, co afán de traballar cara a unha nova filosofía de goberno da cidade, tomando aos nenos como parámetro e como garantía das necesidades de todos os cidadáns. Non se trata de aumentar os recursos e servizos para a infancia, trátase de construír unha cidade diversa e mellor para todos, de maneira que os nenos poidan vivir unha experiencia como cidadáns, autónomos e participativos. O proxecto baséase en diversas motivacións, poñendo sempre por diante os intereses da poboación infantil.*

*A degradación das cidades está provocada, en gran parte, pola decisión de privilexiar as necesidades dos cidadáns adultos, homes e traballadores como prioridade económica e administrativa; isto afecta a todos os cidadáns, especialmente aos máis débiles e aos máis pequenos. O poder do cidadán adulto traballador, demóstrase claramente debido á importancia que o coche adquiriu na nosa sociedade, condicionando as decisións estruturais e funcionais da cidade, creando graves dificultades para a saúde e a seguridade de todos os cidadáns. Este proxecto propón, cambiar o parámetro e pasar do adulto, home traballador, ao neno: trátase de conseguir que a Administración baixe os seus ollos ata a altura dun neno, para non perder de vista a ninguén. Unha cidade adecuada aos nenos é unha cidade adecuada para todos. É unha proposta transversal que implica a todos os sectores da Administración, e que consideramos acaída para implantar tamén no Concello de Salceda de Caselas.*

***Por todo o exposto anteriormente, PROPOÑO:***

*Aprobar a adhesión do Concello de Salceda de Caselas ao Proxecto "A Cidade dos Nenos" como ven descrito por parte do Grupo de investigación do "Istituto di Scienze e Tecnologie della Cognizione" do CNR de Roma, aproveitando os recursos postos á disposición do Concello, e ser inserido dentro da rede de cidades adheridas."*

O 23 de febreiro de 2016 a Comisión Informativa Permanente de Servizos Sociais, Sanidade, Cultura, Deporte, Mocidade e Ensino, Comercio, Formación e Emprego; en sesión ordinaria nº 1/2016, **ditaminou FAVORABLEMENTE** por dous votos a favor dos sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda e tres abstencións dos sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, a proposta de acordo referida.

**Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproba a proposta antes referida.**

## PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

### 6.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA: DENDE O Nº 499/2015 DE 15 DE DECEMBRO DE 2015 ATA O Nº 68/2015 DE 22 DE FEBREIRO DE 2016.

**O sr. Alcalde** dá conta dos Decretos.

### 7.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN Nº EMP 14/2016 DE 29 DE XANEIRO DE 2016 SOBRE PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015.

**O sr. Alcalde** dá conta do informe.

**O sr. Núñez Troncoso (concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular)** di que o período medio de pago a provedores é de 133 días, o importe total de facturas pendentes a 31 de decembro de 2015 é de 915.000 euros dos cales dentro do prazo de 30 días naturales, hai 145.000 euros; e fóra do prazo 770.000 euros, e iso que se vendía que había superávit.

**8.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN Nº EMP 15/2016 DE 29 DE XANEIRO DE 2016 SOBRE AVALIACIÓN DO PLAN DE AXUSTE, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015.**

**O sr. Alcalde** dá conta do informe.

**9.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN Nº EMP 16/2016 DE 29 DE XANEIRO DE 2016 SOBRE AVALIACIÓNS DAS EXECUCIÓNS TRIMESTRAIS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015.**

**O sr. Alcalde** dá conta do informe.

**10. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO TESOUREIRO MUNICIPAL Nº 3/2016 DE DATA 28 DE XANEIRO DE 2016 SOBRE A MOROSIDADE NO 4º TRIMESTRE DE 2015.**

**O sr. Alcalde** dá conta do informe.

**11.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.**

**Non hai mocións.**

**12.- ROGOS E PREGUNTAS.**

## ROGOS

**A sra. Tourón Domínguez** di que dará lectura do seguinte rogo que xa fixeron de palabra no pleno de decembro:

O **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Salceda de Caselas** en base ó disposto no artigo 97.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais formula ó Sr. Alcalde, esta proposta de goberno en forma de **ROGO:**

**EN RELACIÓN COA CELEBRACIÓN DOS PLENOS DE CARACTER EXTRAORDINARIO,** con base na seguinte,

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Tendo en conta que no Pleno celebrado o 2 de xullo de 2015 estableceuse a periodicidade das sesións plenarias para o mandato 2015-2019 cada dous meses, no derradeiro venres dos meses pares, agás en decembro, mes no que se celebrará a sesión o último venres anterior ó 24 de decembro. Que nesa mesma sesión estableceuse tamén que as sesións ordinarias do Pleno celebraranse ás 20 horas, agás en xuño e agosto, que se celebrarán ás 21 horas.

Para velar polo dereito de información dos veciños e como mostra de transparencia, o PSOE considera que os plenos extraordinarios deben ser tamén no mesmo horario, ás 20 horas, agás os celebrados de xuño a agosto que serían ás 21 horas, para facilitar deste xeito a asistencia dos veciños e veciñas.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Salceda de Caselas presenta esta proposta en forma de **ROGO** ó Sr. Alcalde solicitando,

**Que as sesións plenarias de carácter extraordinario se celebren no horario establecido para as sesións ordinarias, ás 20 horas, excepto os meses de xuño, xullo e agosto que serían ás 21 horas.**

**O sr. Alcalde** di que toman nota.

**PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 18 DE DECEMBRO DE 2015**

**O sr. Alcalde** di que en primeiro lugar darán resposta ás preguntas que se fixeron no anterior pleno ordinario polo Grupo Municipal Socialista. Di que teñen a palabra os sres. concelleiros.

**O sr. González Rodríguez refírese á pregunta da xuntanza do pasado 10 de decembro cos delegados de persoal, na que se preguntaba cal foi o fin e si se acordara algo.** Di que o fin da xuntanza ía especificado na convocatoria da reunión e que era establecer un calendario de negociacións de convenio colectivo para o persoal laboral e pacto ou acordo para o persoal funcionario, con carácter de reunión previa á mesa de negociación. Di que dado o carácter de reunión previa, se trasladou polos traballadores as súas peticións para ser tratadas e que se referían aos complementos por IT e asuntos particulares dos empregados públicos.

**O sr. González Rodríguez di que en canto á pregunta de cal foi o resultado de impugnación das eleccións sindicais;** a resposta é que desestimouse a impugnación declarando a validez do proceso desenvolto no Concello para o persoal laboral, laudo arbitral da Consellería de Traballo e Benestar.

**A sra. Pérez González refírese á pregunta da conta dos Callos do 2015.** Explica que nos gastos as partidas principais son os callos que ascenden a 17.350 euros, a carpa que son 4.719 euros, electricidade e equipos de son por 5.659 euros; e todo o desglose de gastos que van presentes fan un total de 45.208 euros. En canto aos ingresos di que a recadación foi de 36.152 euros, sendo a aportación da Deputación de 9.769 euros, e recadación de postos que se montaron 160 euros; e o total de ingresos de 46.081 euros, o que supón un superávit de 873 euros.

**O sr. González González refírese á pregunta da familia con problemas en Bouzavedra respecto ao saneamento.** Sinala que se puxeron en contacto con eles para buscar unha solución viable, anque a problemática non é só dunha familia pois téñena máis vivendas. Indica que tanto a Confederación Hidrográfica como o Consorcio de Augas do Louro teñen coñecemento desta situación; existindo unha memoria valorada con preferencia dentro das obras a exectuar polo Consorcio de Augas do Louro.

**A sra. Castiñeira Alén respecto da pregunta de recuperar o servizo de orientación laboral a través do Plan de Prácticas Laborais da Deputación**. Explica que o fará a través do programa bolseiro da Deputación no que se solicitou un bolseiro licenciado ou grao en pedagoxía, con duración de 6 meses prorrogables por outros 6, máximo de 12. Realizaría tarefas de orientación do servizo público de emprego de Galicia, traballaría por demanda de usuarios e sen axenda. Data prevista en maio deste ano.

Di que tamén se fixo a solicitude a través do Plan Concellos 2016, a duración sería de 6 meses. Data prevista abril deste ano.

Sinala tamén se solicitou a través da Orde do 13 de xaneiro de 2016 da Xunta de Galicia para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación e prospección de emprego, a duración por un ano prorrogable. Di que este é o programa propio de orientadores laborais da Xunta de Galicia con competencias para facer entrevistas do Servizo Público de Emprego e que traballa con axenda da Xunta de Galicia. Solicitouse o 28 de xaneiro de 2016 e está previsto o seu inicio o 1 de decembro de 2016.

**A sra. Tourón Domínguez** di que entende que ao contestárselle por escrito non ten dereito a réplica.

**O sr. Secretario** di que llo ten que permitir o sr. Alcalde.

## PREGUNDAS CORRESPONDENTES Á PRESENTE SESIÓN

**1) O sr. Rodríguez Davila di que querían saber, xa que o pago medio a provedores é de 133 días, e tendo constancia dos decretos de Alcaldía de que hai provedores que cobran en menos destes días e os hai que cobran incluso máis dun ano despois, que criterio técnico xurídico, técnico, económico ou político aplica o goberno de Salceda para dicir que facturas se pagan e cales non.**

**O sr. González Rodríguez** contesta que empregan o criterio que marca a normativa, que é por antigüidade si ben é certo que hai excepcións como o pago de subvencións para non perdelas. Sinala que do período medio de pago a provedores o que non di o sr. Núñez Troncoso é a tesourería que teñen en caixa ou o que se lle debe ao Concello.

**O sr. Rodríguez Davila** sinala que si hai tesourería en caixa, porque non se fai o pago das facturas pendentes. Di que o das subvencións están de acordo pero non é a maioría dos casos, e outra cousa é que polo sr. concelleiro se emita ao tesoureiro municipal relación de facturas para facer os pagos. Di que oxalá se respetara a orde de entrada de rexistro das facturas. Di que os provedores que traballan para o Concello teñen dereito a cobrar, e do superávit que falan nos medios de comunicación, nada.

**2) O sr. Rodríguez Davila pregunta porque o Concello como administración se entromete nun litixio entre veciños, consecuencia que dous inician un litixio, hai unha sentenza favorable a un deles, non recorre o veciño que perdeu pero si recorre o Concello contra o veciño que inicialmente gañou a Sentenza. Dous anos despois hai sentenza do TSX Galicia donde lle dá a razón ao veciño e despois ven que por Decreto de Alcaldía autorízase o pago de case 4.000 euros para custear o litixio que inicialmente iniciaron dous veciños particulares.**

**O sr. Besada Pérez** dille que non sabe de que litixio lle está falando. Di que o Concello respecta os litixios lexítimos de cada quen pero sempre que non estén en xogo os intereses públicos.

**O sr. Rodríguez Davila** di que non o quere facer público neste pleno porque respecta a intimidade. Di que o meterá por escrito en rexistro para que se lle conteste por escrito.

**3) O sr. Núñez Troncoso** matízalle ao Concelleiro de Facenda que os cartos que lle deben administracións e veciños están sen recoñecer, se cobrará ou non; pero o que si está obrigado é a pagar as facturas que están recoñecidas que suman 800.000 euros no 2014.

**O sr. González Rodríguez** di que ten recoñecidas obrigas pendentes de cobro, o veciño ten a obriga de pagar a taxa ou imposto, que non vai ir el a cobralas; e coas entidades, Xunta e Estado entende que llo pagarán.

**O sr. Núñez Troncoso pregunta pola retención que está facendo a Consellería de Facenda respecto da débeda con SOGAMA, e que hai un Decreto de Alcaldía donde se di que se vai recorrer esa resolución; entende que o recurso xa está presentado e pregunta si as facturas que se están emitindo por SOGAMA mensuais se están aboando.**

**O sr. González Rodríguez** di que non, que están en contra da suba unilateral que impuxo SOGAMA dun 34% dende marzo de 2014 cando no convenio firmado con SOGAMA se contemplaba unha suba no recibo anual do IPC. Di que está recurrido o pago das facturas e está planteado un proceso de insconstitucionalidade ante o Tribunal Constituciional que posiblemente dite inconstitucional esa suba unilateral por SOGAMA.

**O sr. Alcalde** di que a xuíza donde presentaron o recurso acaba de elevar ao Tribunal Constitucional o seu recurso e ten constancia dos concellos que teñen iniciado este procedemento e que están recoñecendo en primeira instancia elevar o recurso ao TC, pensa que lle darán a razón dentro duns anos; que non se respectou o pactado para facer o pago. Di que eles non lle repercutiron esa suba do 34% aos veciños.

**O sr. Núñez Troncoso** di que xa sabe que non a repercutiron porque con iso fixeron cacicadas. Dille ao sr. Concelleiro si non sabe que hai unha resolución da Xunta publicada o 19/12/14 donde di as condicións de adhesión ao convenio de SOGAMA donde tiña opción de adherirse a ela; existindo precedentes donde hai unha sentenza do Concello de Pontevedra. Explica que do ano 2014 se lle debe a SOGAMA 154.000 euros e recadaron pola taxa do lixo 249.000 euros; pregunta donde levaron eses cartos. Do 2015 teñen 160.000 euros sen pagar e do 2016 de momento un mes. Di que en resumo se lle deben agora mesmo a SOGAMA 275.000 euros tendo en conta as retencións feitas pola Consellería de Facenda.

**O sr. Alcalde** di que de momento non pagarán.

**4) O sr. Núñez Troncoso respecto dos salarios, sinala que o Grupo Municipal do PP pensa que foron percibidos indebidamente polos concelleiros con adicación, di que se presentou un requerimento previo a acudir ao contencioso-administrativo, desestimándose o mesmo. Pregunta si se vai acudir ao contencioso.**

**O sr. González Rodríguez** responde que si.

**O sr. Núñez Troncoso** pregunta quen corre cos gastos.

**O sr. González Rodríguez** di que os servizos xurídicos valorarán o expediente; non están de acordo coa resolución da Seguridade Social, despois de non ter en conta as alegacións se leva o procedemento á vía xudicial. Sinala que non conseguiron arranxalo por vía pacífica.

**5) O sr. Núñez Troncoso pregunta si os orzamentos de 2016 virán ao Pleno. En que fase están.**

**O sr. González Rodríguez** di que están a punto de rematalos e se traerán no vindeiro pleno seguramente.

**O sr. Núñez Troncoso** di que co período de alegacións e tal antes do 1 de xullo non estarán operativos.

**O sr. González Rodríguez** di que o Concello ten presupostos, que os teñen prorrogados e a día de hoxe traballan co orzamento prorrogado do 2014.

**O sr. Núñez Troncoso** di que xa que ten o dato preciso respecto da recadación do IBI e que esperan que se axusten á realidade este ano.

**6) O sr. Núñez Troncoso pregunta como están facendo os pagos a ELECTRA ALTOMIÑO e canto se lle debe.**

**O sr. González Rodríguez** di que se lle deben 3 ou 4 meses.

**O sr. Núñez Troncoso** di que máis de 3.000 euros.

**O sr. González Rodríguez** di que anda aí.

**7) O sr. Núñez Troncoso pregunta como foi o proceso de elección do xuíz de paz. Di que en antecedentes a convocatoria a fixo o Concello publicada no BOP de 04/02/15, contemplando 15 días para que os interesados presentasen a solicitude correspondente cun prazo de tres meses para resolver. Esa elección é competencia do pleno o di a Lei do Poder Xudicial e o Regulamento dos Xuíces de Paz. O pleno pode elixir a unha persoa xuíz de paz aínda que non o solicitara. Di que o TSX Galicia iniciou o mesmo proceso que iniciou o Concello no seu día e viron con data 7 de xaneiro de 2016 como o TSX Galicia publica no BOP que o Concello non elixiu a ningún candidato e nombra directamente ao xuíz de paz actual. Pregunta porque se lle usurpou a competencia ao pleno.**

**O sr. Alcalde** di que o procedemento fíxose cumprindo a lei e que hai dúas formas de facelo. A través do Concello ou a través do TSX Galicia. E tomaron a decisión de que fose o TSX Galicia en base a que o xulgado de paz tomou relevancia no ámbito civil e penal cos xuízos de faltas e consideraron que era mellor e máis garantista para todos que fose o máximo órgano xudicial en Galicia quen tomase esa decisión, e que para elo iniciaron un procedemento que se publicou no BOP e estivo no taboleiro de anuncios do xulgado de paz e se procedeu en base aos criterios e os que se presentaron no proceso. Di que tal como están as cousas o máis acaído neste momento é que os TSX escollan as persoas. Di que era unha das dúas opcións legais que tiñan. Di que quen o elixiu foi o TSX.

**O sr. Núñez Troncoso** di que a lei o pon clarísimo, competencia do pleno en primeria opción. Que non o ten que elixir o Alcalde.

**O sr. Alcalde** di que denuncie ao TSX se considera que foi ilegal. Se cumpriu a legalidade establecida.

**O sr. Núñez Troncoso** di que en primeiro lugar terían que respectar aos seis candidatos que solicitaron ese posto e si lera a lei a primeira opción é que fose o pleno e no caso de que non elixise inicia o proceso o TSX. Di que se pasou polo forro a solicitude dos candidatos e que elixise o pleno.

**8) O sr. Núñez Troncoso di que fai uns días acabouse o proceso de exposición pública dos traballos do PXOM. Pregunta porque non se puxo a disposición dos veciños un técnico competente na materia.**

**O sr. Alcalde** dille que lle falta ao respecto ás persoas que estiveron atendendo e que ademais esa exposición pública non estaba no contrato. Di que estivo persoal do Concello en todo momento co documento de exposición pública e se dixo no seu momento que non estaba previsto no contrato e a empresa redactora non tiña obriga de facelo. Di que cando haxa exposición pública e alegacións despois de aprobación inicial aí poden articulalo.

**O sr. Núñez Troncoso** dille que esa exposición foi un acordo que se tomou polo pleno e moitos veciños foron preguntar; que as dúbidas tíñanas que despexar os técnicos e que se podía contratar un técnico durante un mes ou dous.

**O sr. Alcalde** pregúntalle con que partida orzamentaria e dille que lle falta ao respecto ás persoas que traballan en urbanismo.

**O sr. Núñez Troncoso** dille que iso non é certo.

**9) O sr. González Souto pregunta en relación á obra de cambio de luminarias na cal se perdeu a subvención do INEGA de 50.000 euros e na que o goberno municipal pediu un informe técnico e nese informe aparte das deficiencias recolle tal cual nas conclusións que as instalacións son potencialmente perigosas. Pregunta si á vista dese informe se tomou algún tipo de medida ao respecto. Di que é grave que apareza no informe que o Concello pediu.**

**O sr. Alcalde** dille que está falando dun informe que se emitiu no seu momento e a empresa adxudicataria tivo que facer as reparacións oportunas. Que pediron o informe porque non estaban de acordo coa execución da obra.

**O sr. González Souto** di que sen embargo non están de acordo con que o INEGA denegase a subvención.

**O sr. Alcalde** di que o INEGA non denegou a subvención por esa razón. Que lle pregunte aos alcaldes aos que se lle denegou, que foron os que non son do PP. Que houbo concellos que executaron a obra coas mesmas luminarias e non se lle denegou porque eran do PP.

**O sr. González Souto** di que a pena é que defenda este tipo de chapuzas.

**O sr. Alcalde** di que non é así, que non as defende, que ademais pediron informe para que indicase o que estaba mal e obrigar á empresa e executala conforme á normativa de seguridade e normativa vixente. Indica que hoxe en día as instalacións cumpren coa normativa vixente.

**O sr. González Souto** di que basta con dar un paseo a día de hoxe e ver como están colgados por bridas os transformadores, rotos os cristais...

**O sr. Alcalde** di que fai meses que xa se fixo iso e por elo obrigaron a través do informe externo a que se colocasen conforme á lexislación.

**10) A sra. Valcárcel Bernárdez pregunta sobre unha pista na parroquia de Entenza que aparece no Inventario de Camiños e a día de hoxe aparece cunhas pedras que cortan o tránsito. Vai dende a Basquida ata Outeiro. Pregunta si se tomaron medidas.**

**O sr. Alcalde** di que teñen constancia e falouse co propietario para que as sacara. Indica que é o antigo camiño público real entre Salceda e Caldelas.

**11) A sra. Tourón Domínguez di que entende polo que dixo a Concelleira de Emprego e Formación, que o servizo de orientación laboral da Xunta de Galicia van estar sen el ata o 1 de decembro de 2016, si llo conceden.**

**A sra. Castiñeira Alén** di que a través da Xunta comezará en decembro e por iso se curou en saúde solicitando a través doutros plans, e terán cuberto o servizo a partir de abril.

**A sra. Tourón Domínguez** di que os outros servizos non teñen que ver con esto, que esperarán ata decembro de 2016 por perder a subvención anterior.

**12) A sra. Tourón Domínguez pregunta porque non se lle comunicou á Corporación que se ía optar por esa opción para elixir ao xuíz de paz; porque non se lle comunicou tampouco aos seis candidatos para que tiveran acceso a participar pola outra vía.**

**O sr. Alcalde** di que o TSX tomou a decisión de iniciar o procedemento.

**A sra. Tourón Domínguez** di que fai un momento dixo que fora decisión deles.

**O sr. Alcalde** di que está de acordo en que o fixese o TSX.

**13) A sra. Tourón Domínguez pregunta en relación ao PXOM, porque non se lle concedeu a reunión coa empresa redactora que pediron.**

**O sr. Alcalde** di que el non ten nada que conceder, que todo está no contrato, que se tomou unha decisión en pleno que rompeu a decisión que se tomou o 8 de outubro na Comisión Informativa do PXOM respecto das decisións de tramitación do PXOM. Dille que ela mesma rompeu o contrato e que non terá que ser el o que tome esa decisión, que poden poñerse en contacto coa empresa cando queiran.

**A sra. Tourón Domínguez** di que o proceso o aprobou a Corporación por maioría, que é democrático e legal cando se lles dicía que non.

**O sr. Alcalde** di que o que non é legal é segundo a tramitación da LOUGA, pregos e contrato. Que si que cumpriron coa decisión plenaria. Di que o consenso que se marcou na Comisión Informativa se rompeu. Di que non lle pode dicir á empresa que a reciba a ela para un proceso que non está previsto no contrato.

Di que foi a primeira vez que se colgou na web o PXOM.

**A sra. Tourón Domínguez** di que foi obrigado polo PSOE; e que sabe que non se porán de acordo no PXOM.

**O sr. Alcalde** dille que nin se preocupou en estudar o documento.

**A sra. Tourón Domínguez** dille que eso son suposicións del, que como a empresa redactora non lle deu unha reunión tiveron que pagar técnicos.

**O sr. Alcalde** pregúntalle quen lle ía pagar iso.

**A sra. Tourón Domínguez** dille que os del os paga o Concello.

**O sr. Alcalde** dille que os del non, os da Comisión Informativa. Dille que ela ten que pagar os seus, que tiña un contrato e o incumpriu por decisión unilateral, que non ten que pagarllos o Concello.

Di que dende o luns reinician o proceso na Comisión Informativa e vólvese en principio, ao consenso de cara á aprobación para salvar a Lei, e teñen a empresa ao seu dispor porque esta fase si que está dentro do contrato e dos pregos.

**A sra. Tourón Domínguez** di que agora poden atendela pero non era legal atendela antes.

**O sr. Alcalde** dille que non estaba no contrato e dende o 2014 nin se preocuparon por estar coa empresa.

**A sra. Tourón Domínguez** di que xa pediran que se lle ensinase aos veciños.

**O sr. Alcalde** lamenta que teña tomada a decisión por parte do PSOE.

**A sra. Tourón Domínguez** di que a xente sabe porque coñecen o PXOM.

**14) A sra. Tourón Domínguez pregúntalle ao Concelleiro de Facenda en relación aos orzamentos de 2016, neste momento a 26 de febreiro de 2016, se iso é culpa da oposición.**

**O sr. González Rodríguez** responde que non.

**15) A sra. Tourón Domínguez pregúntalle á Concelleira de Servizos Sociais que existía un contrato da axuda no fogar, tiña que ser renovado en outubro, e non teñen constancia de que saíse a concurso. Pregunta si se pretende quitar e porque non se quitou.**

**A sra. Pérez González** di que están dentro do prazo, que existiu acordo de prorrogar por 6 meses e está a punto de saír a concurso, que o están preparando.

**16) A sra. Tourón Domínguez di que o 8 de outubro de 2015 meteron unha petición para que se retirasen os elementos en mal estado do parque infantil ao lado da Escola Unitaria de San Xurxo. Di que teñen constancia que a asociación de veciños de alí o trasladou ao Concello. Seguen alí e existe perigo.**

**O sr. González González** di que xa falou cos empregados municipales para ir por alí e retiralos canto antes.

Non habendo máis temas que tratar, ás vinte e tres horas e cinco minutos da noite, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta páxinas numeradas do un ao trinta, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO DO CONCELLO

Marcos David Besada Pérez

Carlos López Quintáns